



EXPEDIENTE: 2771/2018

ANUNCIO

RECTIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS INDIVIDUAIS A DEPORTISTAS GARDESES

Mediante resolución da Alcaldía de data 5 de febreiro de 2019 se procede á rectificación do erro de transcripción nas bases reguladoras da convocatoria para a concesión de axudas individuais a deportistas guardeses, en relación co Anexo I das mesmas, que deberá coincidir co fixado na Ordenanza reguladora da concesión de axudas individuais a deportistas guardeses, e a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes, de acordo coas bases rectificadas, tendo por presentados na presente convocatoria aos aspirantes presentados na anterior.

As bases quedan redactadas como segue:

BASES DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE AXUDAS MUNICIPAIS INDIVIDUAIS A DEPORTISTAS GARDESES

1ª.- OBXECTO:

Estas bases teñen por obxecto axudar a sufragar os diversos gastos de desprazamento, material e outros dos deportistas guardeses máis destacados, dentro da convocatoria correspondente ao ano 2018.

2ª.-BENEFICIARIOS:

A) Poderán participar nesta convocatoria os deportistas e técnicos que reúnan os seguintes requisitos:

A.1.- Practicar un deporte federado.

A.2.- Estar inscrito no Padrón Municipal, dende o primeiro día do período subvencionable a ter en conta pola convocatoria.

A.3.- Dispoñer de licenza deportiva vixente ao menos dende o primeiro día do período subvencionable a ter en conta pola convocatoria.

A.4.- Non estar incurso en causa de exclusión ou prohibición do artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

A.5.- Non estar cumprindo sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, calificada como grave ou moi grave.

A.6.- Manter todos os requisitos anteriores, ao menos, ata a data de xustificación da axuda.

B) O incumprimento dalgún dos requisitos establecidos no parágrafo primeiro determinará a exclusión do solicitante como posible adxudicatario.

C) Un deportista só poderá solicitar unha axuda por unha única modalidade deportiva. Esta axuda é compatible con outras axudas.



D) Será indispensable, para optar á concesión da axuda, ter xustificado a concedida, se é o caso, a do ano anterior.

3ª .- ORZAMENTO, APLICACIÓN ORZAMENTARIA E IMPORTE MÁXIMO DA SUBVENCIÓN POR GRUPO.

Orzamento total 3000 €

Aplicación orzamentaria 34102- 48000 *Subvención a deportistas individuais*

Contía máxima asignada a cada un dos grupos

GRUPO	CONTÍA ASIGNADA
A	800
B	700
C	600
D	500
E	250
F	150

4ª.- DOCUMENTACIÓN, FORMALIZACIÓN E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

A) As solicitudes formalizaranse no impreso oficial que estará a disposición dos interesados no rexistro do Concello da Guarda, e presentaranse no rexistro Xeral do Concello da Guarda, por correo ou por Portelo Único da Xunta de Galicia, debendo nestes dous últimos casos enviar o resgardo correspondente ao Concello, ben por fax, telegrama ou ao correo electrónico designado na convocatoria.

B) O prazo de presentación das solicitudes será de vinte días hábiles dende o día seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

C) Os solicitantes achegarán os seguintes documentos:

C.1.- Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade, ou do pasaporte (en caso de cidadáns de países da Unión Europea), ou da tarxeta de residente en vigor (en caso doutras nacionalidades).

C.2.- Fotocopia compulsada da Licencia Federativa ao menos dende o primeiro día do período subvencionable a ter en conta na convocatoria.

C.3.- Declaración responsable de estar inscrito no Padrón Municipal da Guarda ao menos dende o primeiro día do período subvencionable a ter en conta na convocatoria.



C.4.- No caso de menores de idade, ademais da fotocopia compulsada do DNI ou outro documento previsto no apartado anterior, achegarase o do pai ou nai ou titor e fotocopia compulsada do Libro de Familia.

C.5.- Certificado da federación correspondente, no que se indique a clasificación obtida polo solicitante nos Campionatos a que se refire o Anexo I, e número de licenza en vigor, ao menos dende o primeiro día do período subvencionable a ter en conta na convocatoria.

C.6.- Certificado da federación no que se acredite que o solicitante non está cumprindo sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa, en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.

C.7.- Declaración responsable do solicitante de que o interesado non está incurso en algunha das causas determinadas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

C.8.- Declaración responsable do solicitante sobre a obtención doutras subvencións, axudas e ingresos para a mesma finalidade que a prevista na convocatoria.

C.9.- Declaración responsable de que o solicitante non ten débedas en período executivo de pago co Concello da Guarda, Xunta de Galicia, Axencia Tributaria e Seguridade Social.

D) Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, poderá requirirse ó solicitante, no prazo improrrogable de dez días hábiles, que achegue a documentación omitida ou modifique no seu caso a presentada se resultase procedente. Transcorrido o devandito prazo sen que o interesado achegue a documentación solicitada entenderase que renuncia á axuda solicitada.

E) Os datos recollidos terán carácter confidencial e serán de uso reservado do Concello da Guarda.

5ª.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS. ÓRGANO INSTRUTOR E COMISIÓN DE AVALIACIÓN.

A) A concesión das axudas realizarase polo sistema de concorrencia competitiva.

B) A instrución do procedemento corresponderá á técnica de xuventude do Concello da Guarda, debendo realizar cantas instrucións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse proposta de resolución. As actividades de instrución comprenderán a petición de cantos informes estime necesarios para resolver e que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

C) Para o estudo das solicitudes constitúese a seguinte Comisión de Avaliación integrada polos seguintes membros:

Elvira Riego Martínez

Ana González Portela

Óscar Alonso Álvarez

José Miguel Fernández Lomba



Técnica de xuventude que actuará como secretaria

D) Todas as notificacións derivadas das actuacións de instrución realizaranse a través da web oficial do Concello da Guarda e do taboleiro de anuncios.

E) O órgano instructor, á vista do expediente e do informe de avaliación, formulará proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificarse polos medios anteriormente descritos, e concederáse aos interesados un prazo de 10 días para presentar alegacións.

F) Examinadas as alegacións presentadas polos interesados, formularase proposta de resolución definitiva, que deberá expresar o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, especificando a avaliación e os criterios seguidos para efectuala.

G) O expediente deberá conter o informe do órgano instructor no que conste que da información que obra no seu poder desprendese que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas.

H) En función das solicitudes presentadas a Comisión de Avaliación terá a potestade de prorratear as cantidades asignadas a cada categoría tendo en conta os límites establecidos na propia convocatoria.

I) O baremo para a avaliación das solicitudes será o establecido no Anexo I.

J) As axudas non son acumulativas, valorándose para a súa concesión os méritos de maior rango no cadro de baremación (Anexo I)

K) Tampouco serán acumulativas as axudas por logros conseguidos dentro do mesmo grupo do cadro de baremación, na mesma especialidade deportiva.

L) Unha vez aprobada a proposta de resolución definitiva, e de acordo co previsto no artigo 89 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común, e, no seu caso na correspondente convocatoria, o Alcalde ou concelleiro en quen delegue resolverá o procedemento. A resolución conterá os seguintes extremos:

M.1 Relación de solicitantes ós que se lle concede a subvención.

M.2 Obxecto subvencionado

M.3 Contía concedida

M.4 Mención expresa de que as restantes solicitudes se entenderán desestimadas.

M.5 Recursos que se poderán interpoñer contra esta e prazo de presentación destes.

M.6 Calquera outra condición particular que deba cumprir o beneficiario.

M) A resolución de concesión publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

N) O prazo máximo de resolución será de tres meses a partir do día seguinte a aquel en que finalice o prazo de presentación de solicitudes. Se transcorrido o devandito prazo non houberse resolución expresa, as solicitudes presentadas poderán entenderse desestimadas por silencio administrativo, sen prexuízo da obriga de resolver.

6ª.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS



A) Para xustificar a axuda concedida, os deportistas beneficiarios deberán presentar a documentación xustificativa da mesma no prazo de 2 meses dende a publicación da resolución da axuda no Boletín Oficial da Provincia.

B) A citada documentación compoñerase de:

B.1.- Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa a nome do beneficiario por importe igual ou superior á cantidade concedida correspondentes ao ano 2018, así como xustificante do pago das mesmas que se efectuará necesariamente mediante transferencia bancaria cando o importe da factura sexa superior a 150€

B.2.- Indicación expresa de que se realizou o fin para o que a subvención foi concedida.

B.3.- Declaración doutras axudas concedidas, con expresión de que o conxunto das axudas percibidas non superaron o gasto realizado.

B.4.- Certificado bancario de número de conta.

C) Considéranse actividades e gastos subvencionables os seguintes:

C.1.- Gastos derivados da adquisición e compra de material e equipamento técnico deportivo para o adestramento e a competición.

C.2.- Gastos derivados dos desprazamentos necesarios para a consecución dos obxectivos deportivos previstos.

C.3.- Revisións médicas, probas de esforzo, e outros que poidan ser recoñecidos como indispensables para a actividade.

D) Non serán gastos subvencionables:

D.1.- Os xuros debedores de contas bancarias

D.2.- Os xuros, recargos e sancións administrativas

D.3.- Os gastos de procedementos xudiciais

E) Poderán realizarse pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Para poder ser beneficiario destes anticipos deberá presentarse garantía:

E.1.- Aval emitido por entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca.

E.2.- Seguro de caución, emitido por entidade aseguradora autorizada para operar no ramo da caución.

E.3.- Valores anotados.

E.4.- Efectivo

7ª.- OBRIGAS DA PERSOA BENEFICIARIA



- A) Someterse a cantas actuacións de comprobación e control se consideren necesarias por parte do Concello da Guarda, achegando toda a información que lle sexa requirida no exercicio das devanditas actuacións.
- B) Cumprir coa Lei Antidopaxe vixente (se o Concello o considera pertinente, o beneficiario estará obrigado a acreditar o cumprimento mediante informe da Federación correspondente ou certificado médico).
- C) Comprometerse a obrar e cumprir, en todo momento, coas regras e valores do "Xogo Limpo" publicadas polo Consello Superior de Deportes.
- D) Colaborar co Concello da Guarda naqueles programas e eventos de carácter benéfico ou de promoción do deporte para os que sexan requiridos sempre que llo permita o seu calendario de competicións e sexa autorizado polo club e ou federación correspondente.
- E) Publicitar a súa condición de bolseiro do Concello da Guarda se é compatible cos compromisos publicitarios do club e/ou federación, nos actos sociais, redes sociais, competicións e actividades deportivas nas que participe.
- F) Promocionar A Guarda mediante a imaxe institucional que o Concello determine, tanto na súa indumentaria coma nalgún outro elemento susceptible de imaxe. O cumprimento deste punto deberá constatarase con documentación fotográfica.

ANEXO I

BAREMO DE CONCESIÓN DE AXUDAS DEPORTIVAS INDIVIDUAIS			
RESULTADOS DEPORTIVOS			
GRUPO A	Podio en Campionatos ¹ do Mundo Absolutos		
GRUPO B	Posto 4º a 10º en Campionatos do Mundo Absolutos	Podio Campionatos de Europa Absolutos	
GRUPO C	Participación en Campionatos do Mundo Absolutos	4º a 10º Campionatos de Europa Absolutos	Podio Campionatos do Mundo categorías non absolutas
GRUPO D	Participación en Campionatos de Europa absolutos	4º a 10º Campionatos do Mundo categorías non absolutas	Podio Campionatos de Europa, categorías non absolutas
GRUPO E	Participación Campionatos do Mundo categorías non absolutas	4º a 10º Campionatos de Europa, categorías non absolutas	Podio Campionatos de España Absolutos
GRUPO F	Participación en Campionatos de Europa, categorías non absolutas	Podio Campionatos de España categorías non absolutas	Podio Campionatos Galegos categorías absolutas

- (1) Inclúense entre as categorías non absolutas as categorías Sub23, Promesa, Xuvenil, Cadete, Infantil, entre outras.
- (2) As competicións oficiais son as organizadas polas distintas federacións.
- (3) Considérase "podio" o 1º, 2º e 3º clasificados nos distintos campionatos.
- (4) A participación nos distintos campionatos implica quedar clasificado a partir do 10º posto na clasificación xeral final.

O Alcalde

Antonio Lomba Baz

Documento asinado electronicamente